



ACT-INCLUSIVE – Actores do Cambio cara a Educación Inclusiva
Acordo de subvención Nº. 101090038 — ACT INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO



NOTA DE PRENSA 3

Sobre o Cómic e o Audiolibro



ACT-INCLUSIVE: Actores do Cambio cara a Educación Inclusiva

[Acordo de subvención Nº. 101090038 — ACT INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO]

NOTA DE PRENSA 3 – Sobre o Cómic e o Audiolibro

Contacto: Catuxa Pereira Cacheda, coordinadora Área de Proxectos, COGAMI-Confederación Galega de Personas con Discapacidade.

Modesto Brocos, 7 – Bloque 3 – Baixos – C.P. 15704 // proxectos@cogami.gal
Santiago de Compostela

Práctenos anunciar o lanzamento do Cómic e o Audiolibro: “Os Meus Monstros”

O cómic ACT-INCLUSIVE narra a historia de Mia, unha nena con discapacidade, e as dificultades ás que se enfronta cada día. Ninguén ao seu redor pode imaxinar polo que está a pasar ata que un día Leo atopa o seu caderno persoal e explora os seus pensamentos. O cómic é unha forma divertida de sensibilizar e coñecer como se senten as persoas con discapacidade. É unha ferramenta para fomentar a comunicación e a educación inclusivas na contorna escolar entre o alumnado. O cómic e o seu audiolibro, con narración de voz, están [dispoñibles](#) en Inglés, Grego, Español, Esloveno, Francés, Húngaro e Galego.

Obxectivos e impacto

Os obxectivos destes materiais son capacitar ao alumnado con discapacidade e a súa contorna para avogar por un ambiente educativo máis inclusivo e desenvolver a capacidade do profesorado para levar a inclusión ás súas aulas. Esta innovadora iniciativa pretende compartir coñecementos e sensibilizar sobre diversos temas relacionados coa educación inclusiva.

Próximos pasos

Próximos pasos do Proxecto ACT-INCLUSIVE:

- A finalización e publicación do Manual de Formación e Sensibilización dirixido a dous grupos obxectivo: estudantes e profesorado/persoal escolar. O Manual consistirá nunha serie de módulos de formación que cubrirán temas como o concepto e modelos de discapacidade, a accesibilidade ou o Deseño Universal para poder traballar xuntos no desenvolvemento de escolas máis inclusivas.
- O desenvolvemento e a publicación dunha caixa de ferramentas con exemplos de prácticas non formais de educación inclusiva. Entre outras, incluírá actividades de aprendizaxe baseadas en xogos (por exemplo, xogos de rol, obras inspiradas no teatro, xogos de mesa, etc.) que poderían ser utilizados polo profesorado da escola, psicólogas/os, formadoras/es y persoas expertas en Educación Inclusiva. Os recursos recompilados abranguerán distintos niveis educativos, dende a Educación Infantil ata a Formación Profesional.
- A realización de obradoiros sobre educación inclusiva nas escolas locais, en todos os países do proxecto. Cada país levará a cabo 4 obradoiros baseados nos materiais do



proyecto xa desenvolvidos. Tras os obradoiros, celebraranse actos nacionais e locais en todos os países do proxecto para promover os resultados do mesmo.

Acerca de ACT-INCLUSIVE

ACT-INCLUSIVE dedícase a impulsar o cambio cara á educación inclusiva, deseñando estratexias de educación non formal. Traballamos en estreita colaboración coas escolas, as familias e as comunidades educativas para garantir que todo o alumnado, independentemente das súas capacidades, reciba o apoio e os recursos que precisa para prosperar.

Información de contacto

Para máis información, visite a nosa [páxina web](#).

Síganos: [Facebook](#) y [LinkedIn](#)